
TODOS O VIRON

Texto de MARGARET WISE BROWN

Fotografías de YLLA

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 22 x 28 cm. 40 páx. 16 €

PREMIO REVISTA ANDERSEN 2023 (MELLOR LIBRO 0-6 ANOS)

Todos o viron (galego)

ISBN 978-84-1343-183-3. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Todos lo vieron (castelán)

ISBN 978-84-1343-184-0. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Tothom ho va veure (català)

ISBN 978-84-18558-58-0. Álbum ilustrat. Clàssics contemporanis.

Todos o viron!

O león mariño foi o primeiro en velo.

El cervo viu no

dende o máis profundo do bosque


e, co susto,

deixou ata de mastigar a herba.

Publicado por vez primeira no ano 1944 nos Estados Unidos, «Todos o viron» é o primeiro dos catro libros que a fotógrafa Ylla e a escritora Margaret Wise Brown realizaron conxuntamente.

Nas súas magníficas imaxes en branco e negro, lectoras e lectores descubrirán as reaccións de animais grandes e pequenos, feros e mansos, salvaxes e domesticados, ante algo estraño que presenciaron. Mentres uns o fan con asombro, outros non poden evitar saltar ao colo das súas nais.

O texto rebuldeiro de Margaret Wise mantén o suspense ata as páxinas finais, nas que a autora consegue arrincarnos un sorriso e convidarnos á reflexión.



■ **Temática:** libro con fotografías de animais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** natureza, animais salvaxes e domésticos; humor; reflexión; suspense; liberdade e cativeiro. Con fotografías da autora de «[Dous osiños](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/todo-s-o-viron-g>

Margaret Wise Brown

(Estados Unidos, 1910-1952)

Escritora estadounidense de títulos tan coñecidos como «Buenas noches, luna». Tras formarse na escola experimental de educación Bank Street, empezou a traballar como editora de libros infantís mentres escribía as súas propias historias. Dado o éxito dos seus libros, a partir de 1942 dedicouse en exclusiva á escritura e acabou converténdose nunha das autoras de literatura infantil máis prolíficas da súa época.

Ylla (Camilla Koffler)

(Viena, 1911 - India, 1955)

Fotógrafa de orixe austríaca, formouse en Belgrado e ampliou estudos en París, onde abriu un estudio especializado en retratos de animais. A II Guerra Mundial trincou a súa carreira en Francia e acabou trasladándose a Estados Unidos. Alí a súa obra difundíuse entre as principais revistas ilustradas internacionais. Tamén viaxou por Kenya e Uganda fotografando animais salvaxes no seu hábitat. Entre 1944 e 1954 publicou unha decena de libros, algúns deles dirixidos ao público infantil.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
